



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 03 DE MAIO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00017841M.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión ordinaria celebrada con data 22 de marzo de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1436/2020.

Licenza de obra maior.

Acórdase:

-Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 08 de abril de 2021, outorgada ante o Notario, co número de protocolo 351.

-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 15/09/2020 e a documentación presentada o 12/02/2021 e o 13/04/2021, a construción DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR no LG REBOREDO SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de **193.600 euros**.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1464/2020.

Licenza de obra maior.

Acórdase:

-Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 24/02/2021 outorgada ante o Notario, co número de protocolo 154 .

-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución modificado de data de visado do 14/09/2020 e a documentación presentada o 04/03/2021 e o 11/03/2021, a CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR na RÚA CAÑOTEIRA 25 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de **126.294,84 euros**.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00004295D.

Licenza de obra maior.

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico de data de visado do 28/01/2021, cun orzamento de execución material de 5.038,00 euros, a INSTALACIÓN DE PISCINA en vivenda unifamiliar na parcela situada na RÚA DE SAN LOURENZO 34. SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1035/2020.

Licenza de obra maior.

Acórdase conceder a BOUZA CAR S.L., licenza de OBRA NOVA para nave industrial sen uso específico na RUA JOSÉ VILLAR GRANJEL 5, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), segundo Proxecto básico e de execución e anexo, con data de visado de 10/07//2020 e 25/11/2020, cun orzamento de execución material 98.980,00 euros.

As actuacións consistirán na construción de dunha nave industrial sen uso específico, con uso complementario de oficinas cunha ocupación en planta de 640,90 m², altura de 6,97 metros e superficie construída de 640,90 m². A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza Z.1.c. Industrial lixeira do Plan Parcial SUNP-34 de Boisaca.

6. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: INF 3.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por ARENAS RAMÍREZ FRANCISCO, con CIF 05137235 R en concepto de subministración de consumibles de impresión para diversos departamentos correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2021

Acórdase autorizar, dispor e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL TRESCENTOS TRINTA E UN EUROS CON DOCE CÉNTIMOS 3.331,12 €, segundo facturas 2021/208 e 2021/970 que figura no expediente, en concepto de subministración de consumibles de impresión para diversos departamentos, correspondente ao mes de xaneiro e febrero de 2021. Tamén se acorda dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

7. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: INTERVENCIÓN 175/2021.

Convalidación da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas pola empresa AUTOS IGLESIAS, S.L. en concepto de alugueiro de vehículos da policía local correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2021.

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZASETE MIL TRESCENTOS VINTE E SETE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS DE EURO (17.327,20 €), segundo relación contable de facturas S/2021/37, e que comeza pola número F/2021/358 por importe de 8.663,60 euros e finaliza pola número F/2021/867 por importe de 8.663,60 euros expedidas por AUTOS IGLESIAS, S.L. Tamén se acorda dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

8. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0026.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora.

Asunto: Factura expedida por “TROBEIRO, S.L.” con CIF núm. B36877330 en concepto do servizo de xestión da Escola municipal de Música correspondente ao mes de febreiro de 2021.

Acórdase:

-Resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora que se relaciona a continuación, referido á factura e relación contable detallada nos antecedentes, no senso que se indica: factura emitida por TROBEIRO, S.L. en concepto do servizo de xestión da Escola Municipal de Música, mes de febreiro 2021.

- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZANOVEMIL TRESCENTOS EUROS (19.300,00 €), segundo a factura número de relación contable F/2021/834, e que se achega no expediente.

- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU025.

Servizo de xestión da escola municipal de Música de Santiago de Compostela: Compensación pola aplicación da exención de taxas ás familias numerosas no mes de marzo de 2021.

Acórdase:

-Resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora que se relaciona a continuación, referido á factura e relación contable detallada nos antecedentes, no senso que se indica: factura emitida por TROBEIRO, S.L. en concepto do servizo de xestión da Escola Municipal de Música, mes de febreiro 2021:

- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZANOVEMIL TRESCENTOS EUROS (19.300,00 €), segundo a factura número de relación contable F/2021/834, e que se achega no expediente.

- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: AD 003.

Declaración patrimonial de bens inmobles.

Acórdase:

-Contrata á entidade SALA RETIRO S.A., con domicilio en Madrid, Avda. Menéndez Pelayo 3, coas condicións sinaladas anteriormente, para a realización dunha poxa pública dos obxectos perdidos que foron publicados no BOP do 4 de decembro de 2020 e no taboleiro de anuncios do concello. Xunto a este informe remítese a oferta da entidade, o certificado de estar ó corrente coa Axencia Tributaria e coa SS., de non ter prohibición ou incompatibilidade para contratar e copia das publicacións no BOP nos que se relacionan os obxectos.

11. CULTURA E FESTAS. Referencia: FESTAS ASCENSION 2021.

Aprobación da programación das Festas da Ascensión 2021.

Apróbase a programación das festas da Ascensión 2021.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/39/2020.

Adxudicación das obras “Execución das obras de acondicionamento do campo da festa do Castiñeiriño para usos polivalentes” CON/39/2020

Acórdase:

-Aprobar o gasto necesario para o financiamento deste contrato por importe de 449.818,40 euros con cargo á aplicación orzamentaria 040 15321 6090000 /2020 2 APARC 11.

-Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa BARNACLE. OBRAS Y SERVICIOS SL. por un importe de **335.474,56 euros** (277.251,70 euros. IVE aparte 21%: 58.222,86 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Así mesmo, compromete un xefe de obra técnico titulado superior a xornada completa, dous técnicos adicionais, un espazo habilitado como sala de reunións, unha ampliación do prazo de garantía de 5 anos e un aumento do orzamento de control de calidade e do programa de actuación ambiental do 2%.

A solución proposta contempla, entre outras accións, a pavimentación da área achairada que actualmente conta cun acabado de formigón, así como a instalación de diversos servizos (drenaxe para canalización de pluviais, alumeados, etc.); e unha serie de chanzos prefabricados que se acondicionarán como zonas axardinadas.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/76/2020.

Aprobación e apertura do procedemento para Execución do proxecto de "Urbanización da unidade de actuación nº 11 do PERI Fontiñas-Cotaredo-San Lázaro (Urbanización da ZL-75)" CON/76/2020.

Apróbase o expediente denominado "Execución do proxecto de "Urbanización da unidade de actuación nº 11 do PERI Fontiñas-Cotaredo-San Lázaro (Urbanización da ZL-75)" e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 124.625,29 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 26.171,31 euros. O importe total é de **150.796,6 euros**.

O proxecto pretende, mediante unha operación sinxela, sostible e económica, ademáis de solucionar os problemas existentes, converter o obxectivo de accesibilidade no motor que resolve e identifique singularmente a actuación, transformando un lugar degradado e dotando ao mesmo de valor, non só como lugar de paso, se non tamén como lugar de encontro entre veciñanza. Pódense diferenciar tres áreas principais.

O proxecto consiste na cración dun itinerario accesible, cunha pendente sempre menor do 6%, cosendo as cotas superiores da Rúa do Camiño Francés co patio do quinteiro existente a unha cota intermedia e coa cota inferior da Rúa Valiño, entrada do Camiño a Santiago. Par elo créase un tránsito suave que, axudándose da topografía existente, desce en zig-zag creando un encontró co patio do quinteiro existente.

Na Rúa do Camiño Francés, o encontró entre o elemento xerador do proxecto e a acera existente resólvese dando continuidade ao pavimento empregado en ditas beirarrúas, de adoquín prefabricado de formigón.

Na Rúa Valiño complétase o tramo de beirarrúa que falta, seguindo a solución empregada nos tramos en continuidade, empregándose o adoquín de granito en combinación co enlousado domesmo material cos bordes de pedra no encontro coa estrada.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/57/2018. Concello de Santiago de Compostela do 22 de marzo de 2021.

Acórdase subsanar o acordo número 17 da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 22 de marzo de 2021, relativo a "Resolución do contrato de execución das obras de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", de forma que no citado acordo:

Onde dí:

"Primeiro: Resolver o contrato suscrito coa empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL para a execución das obras de "MELLORA DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS E SOCIAIS NA PARROQUIA DE FIGUEIRAS", concluíndo así o expediente iniciado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de decembro de 2020, con causa na demora tipificada no artigo 211.f) da LCSP, ao quedar acreditado que o atraso deriva da súa falta de previsión durante a preparación da oferta no proceso de licitación, ao non concertar entón o provedor da estrutura prefabricada definida no proxecto de execución."

Debe dicir:

"Primeiro: Resolver o contrato suscrito coa empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL para a execución das obras de "MELLORA DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS E SOCIAIS NA PARROQUIA DE FIGUEIRAS", concluíndo así o expediente iniciado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de decembro de 2020, con causa na demora tipificada no artigo 211.d) da LCSP, ao quedar acreditado que o atraso deriva da súa falta de previsión durante a preparación da oferta no proceso de licitación, ao non concertar entón o provedor da estrutura prefabricada definida no proxecto de execución."

15. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/46/2020.

Dar conta a Xunta de Goberno da interposición de recurso especial de contratación, contra o acordo de 23/3/2021 da mesa de contratación do procedemento de licitación da subministración e instalación de sistemas de seguridade, comunicacións e modernización do centro de control do parque de bombeiros de Santiago de Compostela, interposto pola empresa ADTEL SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN SL.

Dase conta de:

-A interposición de recurso especial de contratación, contra o acordo de 23/3/2021 da mesa de contratación do procedemento de licitación da subministración e instalación de sistemas de seguridade, comunicacións e modernización do centro de control do parque de bombeiros de Santiago de Compostela, interposto pola empresa ADTEL SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN SL.

-da resolución do TACGal de data 15/4/2021 pola que se suspende este procedemento de contratación.

Dase traslado da documentación requirida polo TACGal, así como do contido dos informes elaborados a vista do recurso interposto, solicitando a súa desestimación.

16. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00000761S.

Recurso de reposición interposto por JULIO REY Y OTROS SL. (PARCELA BA1 DO SUNP-11).

Acórdase:

-Desestimar o recurso de reposición interposto por JULIO REY Y OTROS SL o pasado 18.03.21 contra o acordo de a XGL de 8/02/21 relativo ás condicións da autorización da cesión dos dereitos de adxudicación na parcela BA1 do SUNP-11.

-Sinalar ao interesado que para proceder á formalización da escritura pública de venda da parcela BA1 do SUNP-11 é preciso que presente escrito aceptando expresamente as condicións da mesma sinaladas no acordo adoptado pola Xunta de goberno Local o pasado 8/02/21, estando na actualidade paralizada dita formalización na notaría designada por turno notarial por motivo que lle é imputable.

-Requirir a JULIO REY Y OTROS SL, na súa condición de adxudicatario/cesionario dos dereitos de axudicación da parcela BA1 do SUNP- 11, que no prazo de 15 días contar dende o recibo da notificación do presente acordo presente escrito aceptando expresamente as condicións da adxudicación sinaladas no acordo adoptado pola Xunta de goberno Local o pasado 8/02/21, advertíndose que do contrario, procederá a resolución da venda consonte ao previsto no Art. 1504 do código civil, con incautación das cantidades aboadas en concepto de anticipo, en aplicación da penalidade prevista da adxudicación da parcela BA1 do SUNP-11.

17. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00011062B.

Ampliación do prazo establecido para a solicitude de licenza no acordo de 5/10/2020 de concesión demanial a COGAMI.

Acórdase estimar a solicitude COGAMI de 21/04/21 ampliando en 8 meses o prazo para solicitar a licenza de edificación establecido na concesión demanial outorgada pola Xunta de Goberno Local o 5 de outubro de 2020.

18. PATRIMONIO. Referencia: PTM/104/2019.

Corrección de erros na sesión de 14/12/20.

Acórdase:

RECTIFICAR o erro aritmético que consta no cadro do acordo de 14 de DECEMBRO de 2020 da Xunta de Goberno Local.

Onde pon:

<u>total</u>	<u>Total anualidade (IVE incluído)</u>
<u>1.452</u>	<u>1.452,00 €</u>
<u>1.694</u>	<u>1.694,00 €</u>
<u>2.057</u>	<u>2.057,00 €</u>

Deberá por:

total	Total anualidade (IVE ncluído)
1.452	17.424,00
1.694	20.328,00
2.057	24.684,00

19. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/249/2019.

Aprobación do proxecto de rehabilitación de “APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS PARA O ESTADIO MUNICIPAL DE SAN LÁZARO SEGUNDO O ESTUDO INTEGRAL DE PATOLOXÍAS (FASE III) – SEPARATA 1”.

Apróbase o PROXECTO DE REHABILITACIÓN “APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS PARA O ESTADIO MUNICIPAL DE SAN LÁZARO SEGUNDO O ESTUDO INTEGRAL DE PATOLOXÍAS (FASE III) – SEPARATA 1”, coas seguintes condicións: o orzamento máximo de licitación é de 115.970,24 € + 24.353,75 € de IVE (21%) = 140.323,99 euros. O prazo de execución é de 9 semanas. A clasificación do contratista é a clasificación xeral no grupo C. As operacións de reparación nesta fase serían as seguintes: reparación de fachadas, reparación de cubertas, reparación de soportáis e reparación de torretas de iluminación.

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00016766B.

Dación de conta á XGL da sentenza recaída no procedemento PO 81/2019 CA1.

Dase conta da sentenza Nº 101/2021 do Xulgado do Contencioso administrativo 1

Demandante: Segurfondo inversión FII

Contía:142.583,84 euros

Obxecto: recurso contra desestimación por silencio da solicitude de rectificación de liquidacións do IITNU e devolución da totalidade das cotas tributarias resultantes.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais pois recoñece o dereito da actora á devolución dos ingresos indebidos aínda que considera que sen aplicar os intereses de demora previstos no artigo 221.5 en relación co 32.2 LXT .

Custas: Sen imposición de de custas.

Dita sentenza non é firme, e contra ela, pode interpoñerse recurso de apelación perante o TSXG, cuxo prazo máximo de interposición remata o 29 de abril de 2021. A pesar dos argumentos da defensa do concello referidos á irretroactividade da STC do TC 59/2017 e a improcedencia do procedemento de devolución elixido, a sentenza, como se indicou considerou probada a inexistencia dun incremento de valor, polo que tendo en conta que o tributo se xestiona en réxime de autoliquidación e a doutrina contida nos recentes pronunciamentos do TS nas Sentenzas nº 454/2020 do 18 de maio rec 1068/2019; e nº 252/2021 do 24 de febreiro rec 6340/2018 estimamos que o recuso de apelación tería moi poucas posibilidades de prosperar.

Á vista de canto antecede, a Xunta de Goberno Local acorda tomar coñecemento da sentenza e non interpor recurso de apelación.

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00016562Z.

Dación en conta da sentenza recaída no recurso de apelación 4252/2020-PO 320/2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Dase conta da sentenza nº 183/2021, AP 4252/2020 TSX

Obxecto: inadmisión da revisión de oficio de sanción do 19.05.1998, de 3.150.000 pesetas.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en casación.

A sentenza desestima o recurso de apelación, confirmando a de instancia, que viña de anular a sanción imposta, por ditarse a resolución cando o expediente tiña caducado. A sentenza rexeita os argumentos municipais e, na liña da recorrida, resolve o recurso aplicando a última xurisprudencia do Tribunal Supremo, que considera que nos expedientes sancionadores, vencido o prazo de tramitación e caducado o procedemento, só pode ditarse resolución declarando dita caducidade, xa que unha vez caducado o procedemento é inexistente para estes efectos.

Á vista de canto antecede, a Xunta de Goberno Local acorda tomar coñecemento da sentenza, interpoñer recurso de casación e remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para a súa execución

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00017636F.

Sentenza recaída no RSU 3102/2020-PO 301/2018 XS2.

Dase conta da sentenza nº RSU 3102/2020

Obxecto: trienios prescritos.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A sentenza de instancia viña de estimar parcialmente a demanda presentada polos traballadores do CSC do Ensanche, recoñecéndolles o seu dereito a percibir o plus de produtividade e os trienios consolidados e non prescritos dende decembro de 2016 ata marzo de 2018. A estimación parcial respondía á admisión da excepción de prescripción de parte das cantidades reclamadas en concepto de trienios.

Os demandantes recorreron a sentenza alegando un “recoñecemento expreso da débeda” por parte do Concello no acto de xuízo xa que, para o caso de ser estimada plenamente a demanda, esta representación presentou un cadro cos trienios devindicados dende novembro de 2015.

A Sala do Social do TSX, en liña co resolto polo xulgado de instancia, considera que este proceder “non supón un recoñecemento de débeda xa que claramente o Concello oponse a todas as pretensións da demanda, incluída a reclamación de cantidade efectuada; se ben e de forma subsidiaria para o caso de estimación da demanda aportou os cálculos polo período comprendido de setembro de 2014 a decembro de 2017, pero ilo non pode ter a consideración de recoñecemento de débeda cos efectos interruptivos pretendidos pola parte actora”. Por conseguinte, declara as cantidades prescritas, en virtude do artigo 59 ET, rexeitando o recurso de suplicación.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación de unificación doutrina. Non obstante, tendo en conta que dito recurso non permite unha revisión dos feitos declarados probados, confirmados polo TSX, non semella viable dito recurso. Á vista de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, acorda tomar coñecemento da sentenza, e remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00017487L.

Dación de conta á XGL da sentenza recaída no CLP 326/2018 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Dase conta da sentenza nº RSU 3595/2020

Obxecto: reclasificación profesional de C2-16 como A2-18, subsidiariamente C1-16.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A demandante, C1-16 auxiliar, viña de reclamar a súa reclasificación como A2-18 (técnico de xestión) ou subsidiariamente como C1-16 (administrativo) con base na identificación das funcións que efectivamente realiza na UMAD. Vaia por diante que a reclasificación automática prevista no ET non é aplicable ás AAPP, polo que a interesada só podería aspirar, de acreditar as funcións que di desenvolver, ás retribucións dos referidos grupos de clasificación.

A sentenza do TSX, na liña do exposto polo Xulgado nº 1, desestima de plano as pretensións:

a) O informe da Inspección de Traballo non serve para demostrar as tarefas desenvolvidas, xa que “limitase a recoller o declarado por outros empregados, polo que fai proba da súa declaración, pero non da súa realidade”. Polo que dito informe tampouco serve para acreditar que desenvolve as mesmas que a outra administrativo da UMAD.

b) Alega a recorrente que a principal diferenza entre administrativo e auxiliar é o “distinto grao de iniciativa e independencia” no desenvolvemento das tarefas ordinarias. A sentenza responde que a distinción administrativo/auxiliar do RD-Lei 781/1986 é insuficiente para definir ambos postos de traballo; que debe completarse –e por ilo se remite- coas fichas-posto da sección de RRHH municipal, “que serven para definir o perfil profesional dos postos, o seu itinerario formativo e os criterios de avaliación do desempeño” (transcrición do exposto pola representación municipal no escrito de impugnación do recurso de suplicación). Así, o TSX resolve que a distinción non ven dada polo grao de iniciativa ou independencia, senón polas funcións desenvolvidas, segundo o seu nivel de titulación, o proceso selectivo desenvolvido e as particularidades do posto.

c) Finalmente, a Sala conclúe que a recorrente en ningún caso acreditou desenvolvemento de funcións técnicas, e só algunhas administrativas, “insuficientes” para xustificar o seu dereito a ser retribuída como C1.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación de unificación da doutrina. Non obstante, tendo en conta que dito recurso non permite unha revisión dos feitos declarados probados, confirmados polo TSX, non semella viable dito recurso.

Á vista de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, acorda tomar coñecemento da sentenza, remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento, e agardar pola confirmación da súa firmeza.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00017009R.

Dación de conta á XGL da sentenza recaída no procedemento PA 381/2020 CA2.

Dase conta da sentenza 105/2021

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Persoal,

Contratación e Modernización da Administración Local de 23.07.2020, polo que se desestima o recurso de reposición interposto contra o Decreto de 11.05.2020, relativo ao nomeamento dos tres policía recorrentes como funcionarios en prácticas nas prazas de inspector de policía do Concello de Santiago, con efectos económicos desde esta resolución.

O fallo é parcialmente estimatorio ao recoñecer que os funcionarios recorrentes tiñan dereito a ser nomeados funcionarios en prácticas tras a proposta de nomeamento do tribunal de selección, con efectos dende a súa reclamación de data 11.03.2019. Sen embargo, o xulgado só recoñece o dereito a percibir as retribucións básicas da categoría de inspector, pero non as complementarias ao constar no expediente o informe do Xefe da Policía Local no que se indica que só dende o seu nomeamento como funcionarios en prácticas pasaron a desenvolver as labores e responsabilidades propias das prazas de inspector.

A concreta cantidade a indemnizar quedará fixada na execución da sentenza.

A sentenza é firme, polo que non cabe recurso algún.

Á vista de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, acorda tomar coñecemento da sentenza e remitir ao Departamento de Persoal para os efectos da súa execución.

25. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00017841M.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 23 a 29 de abril de 2021.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 23 a 29 de abril de 2021.

URXENCIAS

25. Acordo de cesión de solo no Castiñeiriño á Xunta de Galicia con desetino a centro público de atención integral a persoas maiores.

Acórdase a ampliación, por seis meses, do prazo de aceptación, por parte da COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA, da propiedade da seguinte parcela, para que nela constrúa e poña en funcionamento un CENTRO PÚBLICO DE ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS MAIORES que forme parte da rede pública de RESIDENCIAS DE MAIORES, cun mínimo de 120 prazas.

PARCELA DOTACIONAL PÚBLICA RESULTANTE DE AGRUPAR a parcela DOC do SUNP 14 do Plan de sectorización do sector de Solo Urbanizable Non Programado Número 14, SUNP-14 - TRAS PAXONAL coa porción oeste resultante da segregación da parcela EQ dese mesmo ámbito (SUNP 14) ,destinada a albergar un EQUIPAMENTO DOTACIONAL DE TITULARIDADE PÚBLICA que pode ter carácter docente, asistencial, sociocultural , institucional administrativo, deportivo, servizo público e dotacional multiuso. Ten forma case rectangular e unha superficie de cinco mil cincocentos noventa e catro (5590) metros cadrados. Natureza xurídica BEN DE DOMINIO PÚBLICO.

A parcela ten referencia catastral: 7557816NH3475E0001BA.

26. Dación de conta á Xunta de Goberno Local sobre a ampliación do prazo de execución do proxecto europeo Smartet Together, incluído no programa Horizonte 2020.

Tómase coñecemento da ampliación do prazo para a execución do Proxecto SMARTER TOGETHER, incluído no programa HORIZONTE 2020, ata o 31 DE XULLO DE 2021 e da necesidade da incorporación dos remanentes da aplicación orzamentaria 050 33600 22699 (Proxecto de Gasto 2016-3-SMART-89). O prazo de execución do proxecto inicialmente previsto era de 5 anos, entre o 1 de febreiro de 2016 e o 31 de xaneiro de 2021.